Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/5/2022	GOB16I033	
0E401R5Z4T6Y6J6Z0TQJ		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZ DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** MARIÁN FERREIRO DÍAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dez de febreiro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA ÁREA DE REPARTO PSI-10 (PU-3/2021).**.-

(…)

Primeiro.- **Aprobar inicialmente** o proxecto de urbanización da área de reparto PSI-10, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Roberto José Aya Vidal- Interurban, S.A., presentado o 29.12.2021 e complementado o 03.02.2022, promovido pola Xunta de Compensación da área de reparto PSI-10 de Narón.

Segundo.- Someter o proxecto de urbanización anteriormente citado a información pública durante o prazo **dun mes**, mediante anuncio no BOP, nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como no taboleiro de edictos deste Concello, para que os interesados poidan examinalo e formular as alegacións/suxestións que estimen pertinentes.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Terceiro.- Solicitar, simultaneamente ao período de información pública, e de conformidade co informe do arquitecto municipal, os informes e autorizacións sectoriais preceptivas do Servizo de Estradas da Xunta (Axencia Galega de Infraestruturas, AXI), do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF, Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana), da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura (Xefatura Territorial da Coruña) e de AESA (Servidumes aeronáuticas).

Cuarto.- Logo do trámite de información pública e de obtención dos informes e autorizacións sectoriais preceptivos, e previamente á aprobación definitiva do proxecto, incorporaranse todas aquelas cuestións que deban ser tidas en conta, ademais das seguintes:

- Axustarase a ubicación dos puntos de alumeado público fóra do alcance dos vehículos nas zonas de aparcadoiro, en atención ás recomendacións do informe do Xefe dos servizos básicos e mantemento municipais do 28.01.2022.
- Trasladarase a aliñación de arborado previsto na rúa 01, rúa 02, rúa 03 e rúa 05, ás zonas libres, liberando as beirarrúas.
- Conservaranse os exemplares vexetais existentes, con especial cautela cos de maior porte, que sexan compatibles coa ordenación prevista nas zonas verdes e espazos libres, e previamente ao inicio da obras efectuarase inspección para o seu inventariado xunto cos servizos municipais competentes.

Quinto.- Notificar individualizadamente estes acordos aos propietarios afectados.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA QUE APROBA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO, NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, NO EXERCICIO 2022.**.- Dase conta da seguinte resolución da Alcaldía:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

"ANTECEDENTES

No DOG nº12 , do 19 de xaneiro de 2022, publicouse a Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento SI461A).

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, segundo a cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación cando, polo obxecto e pola finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario e coas garantías previstas no artigo 31.4 da mesma lei.

O obxecto específico desta convocatoria é proporcionarlles a estas persoas maior autonomía a través da independencia económica e do seu empoderamento, reforzando as posibilidades dunha posterior inserción laboral estable, para lograr a plena integración na vida económica e social.

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para aprobar a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente; Pola forma da tramitación por parte da Secretaría Xeral de igualdade (concorrencia non competitiva), asi como por existir límite orzamentario ata o esgotamento do crédito para a concesión das axudas.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: "1. Los órganos superiores poderán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (....) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (....).

En aplicación do anterior, corresponde a Alcaldesa a avocación da delegación para a aprobación da solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- *Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.*
- *Art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- *Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais*
- *RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*
- *Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, artigos 10.2 e 83.*
- *Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, artigos 23 e 27.*
- *Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2022.*

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, PROPON A ALCALDÍA QUE RESOLVA:

PRIMEIRO: Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para Solicitar a subvención á Conselleria de Emprego e Igualdade, para a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas

SEGUNDO: Solicitar á Conselleria de Emprego e Igualdade, a subvención para a contratación de 4 mulleres desempregadas, nos termos expresados na Resolución da Secretaría Xeral de Igualdade de data 23 de decembro de 2021 que regula a convocatoria para o ano 2022, cos seguintes datos:

CATEGORÍA	*Nº TRABALLADORAS*
Peóns (GC 10)	*4*

TERCEIRO: Aprobar o proxecto de obra ou servizo co obxecto de realizar tarefas de reforzo complementario de limpeza e desinfección en edificios e instalacións municipais ou edificios nos que seña o concello o responsable da limpeza.

CUARTO: Aprobar o seguinte cadro de financiamento para o proxecto antedito:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

CONCEPTO	*DURACIÓN E XORNADA*	*APLICACIÓN ORZAMENTA-RIA*	*ANUALIDADE 2022*		*ANUALIDADE 2023*		*IMPORTE TOTAL*
			CONCELLO	*XUNTA*	*CONCELLO*	*XUNTA*	
Retribucións básicas e complementarias *4 traballadoras*	*12 meses* *75%*	*4590/13100*	*0,00*	*39.098,64*	*0,00*	*20.591,76*	*59.690,40€*
Productividade por criterios de execucción 4 traballadoras	*12 meses* *75%*	*4590/13105*	*0,00*	*1.840,50*	*0,00*	*0,00*	*1.840,50€*
Seguridade social *4 traballadoras*	*12 meses* *75%*	*4590/16000*	*0,00*	*13.635,12*	*0,00*	*6.516,16*	*20.151,28€*
Indemización fin de contrato 4 traballadoras	*12 meses* *75%*	*4590/13100*	*0,00*	*0,00*	*1.989,68€*	*0,00*	*1.989,68€*
Roupa persoal	*12 meses* *75%*	*4590/22104*	*1.000,00*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*1.000,00€*
Epis	*12 meses* *75%*	*4590/22699*	*200,00*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*200,00€*
TOTAL			*1.200,00*	*54.574,26*	*1.989,68*	*27.107,92*	*84.871,86*

**O importe marcado cun asterisco ( ) corresponde a cantidade pertencente á indemnización prevista no artigo 49.1.c do Estatuto dos traballadores, que para os efectos desta subvención non se consideran custos salariais subvencionables, segundo o establecido no artigo 3.3 Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2022 .Tendo en conta a data no que nos atopamos e a duración do contrato, a dita liquidación liquidarase en marzo de 2023, deberá de ser obxecto de dotación no presuposto do exercicio 2023.*

QUINTO: A vista do informe emitido polo servizo de Organización e Recursos Persoais de data 24/01/2022 (PER16I083), e no caso de que esta subvención fora concedida, a aceptación da mesma quedará condicionada a normativa vixente para a formalización de contratos por obra ou servizo determinado.

SEXTO: Designar a Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

SÉTIMO: Dar conta da resolución á Xunta de Goberno Local."

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 02/02/2022,documento de intervención(ICO16I01V) do expediente MOC/3/2022,(RC 220220000371 e RCP 220229000021, polo que no caso de que se conceda a subvención deberá dotarse no orzamento do ano 2023 o crédito necesario para facer fronte ao dito gasto polo importe correspondente), esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

Ante min,
(Dou fe da identidade do asinante)

Asinado dixitalmente por:
A alcaldesa-presidenta
Marián Ferreiro Díaz
03/02/2022

Asinado dixitalmente por:
O secretario xeral
Alfonso de Prado Fdez.-Canteli.
03/02/2022

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

4 **.- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA QUE APROBA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DE LECTURA NAS BIBLIOTECAS OU AXENCIAS DE LECTURA DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2022.**.- Dase conta da seguinte Resolución da Alcaldía:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

"ASUNTO: Solicitude de subvención á Consellería de Cultura , Educación e Universidade para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia durante o ano 2022.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

A Consellería de Cultura , Educación e Universidade , publica no DOG nº 14 de 21/01/2022 publica a orde de 20 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, e se convoca para o ano 2022

Co obxecto de poder optar ao financiamento da convocatoria referenciada no parágrafo anterior, o Servizo Sociocomunitario Municipal redacta unha memoria de actividades para participar no programa de dinamización da lectura promovido pola Conselleria de Cultura "Leer conta Moito".

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, dado que non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que será realizada pola comprobación da concorrencia na entidade solicitante dos requisitos establecidos, conforme o previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo como único criterio para a repartición de fondos o número de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal.

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para aprobar a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente; Pola forma da tramitación por parte da Secretaría Xeral de Cultura (concorrencia non competitiva, e na súa virtude, ratearase o orzamento existente entre os solicitantes que cumplan as condicións establecidas en función do número de bibliotecas de titularidade municipal con que conten as entidades locais).

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: "1. Los órganos superiores poderán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (….) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (….).

En aplicación do anterior, corresponde a Alcaldesa a avocación da delegación para a aprobación da solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
-Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015 de 1 de octubre, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
- Orde de 20 de decembro de 2021 da Conselleria de Cultura, Educación e Universidade, publicada no dog nº 14 de 21/01/2022

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, PROPON A ALCALDÍA QUE RESOLVA

1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para Solicitar a subvención á Conselleria de Cultura, Educación e Universidade para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia, para o ano 2022.

2º.- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería, Educación e Universidade para participar no programa de dinamización da lectura "Leer Conta moito", ao abeiro da convocatoria publicada no dog nº14 de 21/01/2022 a través da orde do 20/12/2021, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia, para a programación de actividades de dinamización da lectura nas biliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2022, de acordó co seguinte desglose establecido na memoria de actividades elaborada para esta convocatoria polo Servizo Sociocomunitario Municipal :

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

	Importes	*Aplicación orzamentaria para o exercicio 2022*
Total do proxecto	*1.500,00€*	
Achega do concello	*375,00€*	*3321 22799*
Subvención solicitada a Conselleria de Cultura, Educación e Universidade	*1.125,00€*	

3º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria sinalada.

4º.- Nomear a Dona Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Conselleria de Cultura, Educación e Universidade no refente a esta solicitude de subvención.

5º.- Dar conta da resolución á Xunta de Goberno Local."

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 04/02/2022,documento de intervención(ICO16I01Y) do expediente ENS/6/2022, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

Ante min,
(Dou fe da identidade do asinante)

Asinado dixitalmente por:
A alcaldesa-presidenta
Marián Ferreiro Díaz
07/02/2022

Asinado dixitalmente por:
O secretario xeral
Alfonso de Prado Fdez.-Canteli.
07/02/2022

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

5 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE XANEIRO DE 2022**.-

(…)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de xaneiro de 2022, cun total de 222 contribuíntes e por importe de 22.248,72 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Libre Concorrencia, do mes de xaneiro de 2022, cun total de 4 contribuíntes e por importe de 328,87 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía deste Concello.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos

efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO DO MES DE XANEIRO DE 2022**.-

(…)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (ENVELLECEMENTO ACTIVO) do mes de xaneiro de 2022, cun total de 292 contribuintes e por importe de 2.379,80 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (OBRADOIROS DE INGLÉS, OBRADOIROS DE ROBÓTICA, ESCOLA DE FAMILIAS E ESCOLA DE MÚSICA) do mes de xaneiro de 2022, cun total de 134 usuarios e por importe de 1.092,10 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía deste Concello.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es